



Universidade de Vigo

RECTORADO

Resolución Rectoral sobre expedición de diplomas, certificacións ou asistencia a congresos, cursos, xornadas ou conferencias e delegación da súa firma.

Que debido á crecente organización pola Universidade de Vigo, polos seus Departamentos, Institutos e outros Servicios, así como por outras Entidades, de congresos, cursos, xornadas, convencións, conferencias ou outro tipo de actividades que, realizadas nas propias dependencias da Universidade ou noutras Institucións, dirixense ó desenvolvemento das funcións docentes, investigadoras ou culturais, faise necesario regular o otorgamento dos correspondentes diplomas, certificacións ou xustificacións de asistencia, así como delega-la firma dos mesmos.

Por todo o anterior, este Rectorado de acordo coas competencias que lle otorgan o art. 18 da L.R.U. e 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo, acorda dicta-la seguinte

RESOLUCION

1º- A expedición de diplomas, certificados ou xustificacións de asistencia a Congresos, Cursos, Convencións, Xornadas ou conferencias, nas que figure o nome da Universidade, Centro ou Departamento illado ou conxuntamente, o seu escudo, logotipo ou selo, precisarán a autorización previa deste Rectorado ou que en tal compromiso figure a inclusión nun convenio debidamente aprobado.

2º- Coa excepción dos títulos académicos oficiais e os propios desta Universidade, delégase, de conformidade có art. 16 da Lei 30/1992, nos Decanos, Directores de Centros, de Departamentos ou Institutos a firma dos diplomas, certificacións ou xustificacións de asistencia a que se refire o apartado anterior, delegación referida ó titular do órgano baixo cúa responsabilidade se programe e celebre.

3º- De igual forma se precisa a autorización do Ilmo. Sr. Xerente para a inserción de calquera anuncio en diarios oficiais ou nos medios de comunicación nos que aparezan o nome da Universidade, Centro ou Departamento illado ou conxuntamente, ou o seu escudo, aínda no suposto de que o abono do gasto sexa por conta de aqueles.

Vigo, 28 de novembro de 1994

RECTOR
J.A.R.V.
NECILLHAIQ
José Antonio Rodríguez Vázquez